


RAVACHOL



PONTEVEDRA 2025 presenta

ENTROIDO DE CINE

coa participación especial do Loro Ravachol

Dirixe: Perfecto Feijoo

PROGRAMA DE ENTROIDO

VEN 28/02

- 21.00 h** Praza da Ferraría. **RECEPCIÓN DO ALCALDE A URCO**, rei do Entroido, quen chegará a Pontevedra acompañado do seu séquito e das comparsas Os Canecos, Os Miúdos, As Sonecas e Os da Caña. Lectura do pregón a cargo da comparsa Las Flores del Carnaval.
- 21.30 h** Pasarrúas das comparsas Os 100Tolos, Os Paparrulos e Os Solfamidas.
-

SAB 1/03

- 16.00 h** **José Malvar**. Concentración dos participantes no desfile para realizar a inscrición e recollida do número de participación.
- 17.00 h** **DESFILE DO ENTROIDO**. Saída dende a rúa de José Malvar; percorrerá as rúas de Loureiro Crespo, Benito Corbal, Peregrina, Michelena, praza de España e rúa da Alameda.
- 20.00 h** **Praza da Ferraría**. Celebración da festa do Entroido durante a que se fará entrega dos premios do concurso de disfraces en cada unha das modalidades.
-

LUN 3/03

- 17.00 h** **Praza de Curros Enríquez**. Obradoiro infantil: crea o teu disfraz de pirata.
- 19.30 h** **Praza da Peregrina**. **PRESENTACIÓN DO LORO RAVACHOL**. Recreación da botica de don Perfecto Feijoo. Actuación: Boavila.
- 21.00 h** **Pazo da Cultura**. Primeira eliminatoria do XXXIII Concurso de Murgas.

MAR 4/03

- 12.30 h** Pasarrúas dos Piratas do Lérez.
- 17.00 h** **Praza da Ferraría.** Festa pirata infantil e animación infantil. Concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona.
- 18.00 h** Pasarrúas dos Piratas do Lérez e Os Piratas Gaiteiros.
- 20.00 h** **NOITE PIRATA.** Desembarco da tripulación do Burla Negra no Centro Histórico. Amosa o teu lado pirata! Únete ao Pirata da Moureira! Asociación Combrus, Troula e Vamos a Todo.
- 21.30 h** **Praza da Ferraría.** Baile pirata: concerto de Somoza Trío.
- 23.00 h** **Casa da cultura de Campaño.** Baile de Entroido con premios aos mellores disfraces.
- 23.00 h** Pasarrúas pirata: Os da Caña, Solfamidas, Las Flores del Carnaval, Os Miúdos, As Sonecas, Os Paparrulos, Os Canecos, Os 100Tolos, Os Retrincos, Os Amigos dos Rapaces e Alegría de Bora.
-

MER 5/03

- 16.30 h** **Casa da cultura de Campaño.** Recuperación do Entroido tradicional de Campaño. A Corrida da Rosca. Festival infantil de Entroido.
- 17.00 h** **Praza da Peregrina.** Obradoiro: As máscaras de Ravachol.
- 17.00 h** **Centro cultural de Monte Porreiro.** Festa infantil.
- 19.00 h** **RECREACIÓN DA BOTICA DE DON PERFECTO FEIJOO.**
Ambientación a cargo da Aula de Teatro Municipal e persoeiros relevantes da época na cidade. Actuación de Sons de Cores.
- 21.00 h** **Pazo da Cultura.** Segunda eliminatória do XXXIII Concurso de Murgas.
-

XOV 6/03

- 21.00 h** **Pazo da Cultura.** **FINAL DO XXXIII CONCURSO DE MURGAS.**

VEN 7/03

17.00 h Rúa da Serra. Obradoiro infantil: creación dun Ravachol.

22.30 h Prazas e rúas da cidade. **XXVIII MOSTRA DA PARODIA DO ENTROIDO.**

24.00 h Praza da Ferraría. Entrega de premios da XXVIII Mostra da Parodia do Entroido.

SAB 8/03

12.00 h Praza da Peregrina. **RECREACIÓN DA BOTICA DE DON PERFECTO FEIJOO**, actuación de Loira e Os Alegres.

12.30 h Praza da Verdura, escaleiras praza de Ourense. Sesión vermú. Murga Os do Val do Lérez, Murga Equipo Ja e Murga do Naveiro.

18.00 h Praza da Verdura. Comezo do velorio de Ravachol na sala mortuoria. Prégase a asistencia de loito rigoroso.

19.30 h Pasarrúas: A Santa Compañía Leva a Ravachol.

21.00 h **SAÍDA DO CORTEXO FÚNEBRE** dende a praza da Verdura acompañado do seu séquito e das comparsas Las Flores del Carnaval, Os 100Tolos, Os Paparrulos e Os Solfamidas. Vamos a Todo e Os Alegres, percorrendo as rúas de San Román, Ferraría, paseo de Antonio Odriozola, Soportais, Manuel Quiroga, Princesa, Sabela II, Rúa Real, Sarmiento, Pasantaría e praza da Ferraría.

VELORIO INFAUSTO

Cabodano das honras fúnebres do fenecido Ravachol

Praza da Ferraría.

Procederáse á incineración do finado. Na súa honra terá lugar unha sentida coroa fúnebre, cun espectáculo necrolóxico.

Programa:

- Introito coa lectura dunha elexía para o finado
- Celme, danza da morte
- Saeta Val do Lérez
- Incineración do loro Ravachol

22.00 h Pasarrúas das comparsas Os Canecos, Os Miúdos, As Sonecas, Os da Caña, Os Retrincos, Os Amigos dos Rapaces e Alegría de Bora.

XIII XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA

Sala multiusos do Teatro Principal de Pontevedra

VEN 14/03

18.00 h Apertura das xornadas.

18.10 h Conferencia “As entroidadas de Corzáns: Teatro carnavalesco”. A cargo de Xerardo Santomé (antropólogo).

18.50 h Conferencia “Mudados e Perriñas: o Entroido rural de Ribadetea”. A cargo de Jonathan Zúñiga (presidente da Asociación Cultural e Veciñal de Ribadetea).

19.40 h Conferencia “O regreso da Momada: a recuperación do Entroido de Agusantas”. A cargo de Rafael Quintía (antropólogo) e Manuel Suárez (asociación cultural Entroido de Aguasantas).

20.30 h Mesa redonda cos relatores.

SAB 15/03

18.00 h Apertura das xornadas.

18.10 h Presentación do libro *A boreada das mázcaras. Estudo histórico e antropolóxico dos entroidos tradicionais de Xermade*. A cargo do seu autor Rafael Quintía Pereira.

18.30 h Conferencia “O Entroido de Merza”. A cargo de Belén Guzmán (presidenta da asociación cultural Vello dos Cornos).

19.30 h Conferencia e documental “Momotxorroak”.

XORNADAS GASTRONÓMICAS

Distintos establecementos hostaleiros ofrecerán degustacións e menús típicos do Entroido.

Coa colaboración do Centro Comercial Urbano-Zona Monumental.



EXPOSICIÓN “UN ENTROIDO DE CINE”

O Mercado, 1º andar, Pontevedra

DO 14/02 AO 9/03

De martes a sábado: 12.00 a 23.00 h

Domingos: 12.00 a 16.00 h

Ilustracións realizadas polos alumnos da Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración Garaxe Hermético, revisando carteis icónicos de cine desde o entroido pontevedrés.



Concello
de Pontevedra

